[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **6 de setembro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de María Deza Martínez)
(Vicepresidenta en funcións)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Miguel Fidalgo Iglesias
Rubén Lorenzo Gómez
María Felisa Rodríguez Carrera
Ángel Rodríguez Conde
Borja Verea Fraiz
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias
José Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López

Emendante:
Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)

Comparecentes:
Directora do Instituto Galego de Promoción Económica-IGAPE
Director da Axencia Turismo de Galicia
Directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Letrado/Letrada:
María Vicenta Aneiros González

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle ao señor secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que integran o punto primeiro da orde do día, consistente en tramitar en primeiro lugar a pregunta doc. núm. 7875 (1.2) e en segundo lugar a doc. núm. 7900 (1.3) e finalmente a doc. núm. 7780 (1.1).

O señor secretario abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Preguntas

1.2 7875 (12/POC-001369)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre as ferramentas con que conta o Goberno galego para a recollida e sistematización de datos sobre a actividade turística en Galicia, o modelo turístico actual e a planificación da política nesta materia, así como sobre as razóns da anulación do concurso para o desenvolvemento dun observatorio de sustentabilidade turística
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f1, do 23.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Pérez López (BNG)**, quen expón os motivos da presentación desta iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor director da Axencia Turismo de Galicia (Xunta de Galicia), José Manuel Merelles Remy.**

En rolda de réplica o **señor Pérez López (BNG),** manifesta a súa inquedanza ante a información facilitada, pois considera que non entrou nas cuestións que se formulan na iniciativa, polo que incide nas preguntas xa expostas.

O **señor director da Axencia Turismo de Galicia, José Manuel Merelles Remy,** pecha o debate desta iniciativa rebatendo moitas das afirmacións realizadas polo señor deputado e ampliando a información sobre algunhas cuestións concretas.

A Presidencia agradece a presenza do señor Merelles Remy nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.3 7900 (12/POC-001386)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis
Sobre o estado en que está a tramitación para a instalación do parque eólico Barqueiro, o seu nivel de afección e as alegacións de particulares e colectivos contra este proxecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f1, do 23.08.2024

Intervén o **señor Golpe Acuña (BNG),** para expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia a **señora directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), Paula Uría Traba.**

Na rolda de réplica o **señor Golpe Acuña (BNG)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada pola señora directora xeral e reitérase nalgunhas cuestións xa expostas por considerar que non foron contestadas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención da **señora directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, Paula Uría Traba,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza da señora Uría Traba nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

1.1 7780 (12/POC-001320)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre as iniciativas e os servizos impulsados pola Xunta de Galicia orientados a apoiar a internacionalización das pemes galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 14.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Rodríguez Carrera (P)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **señora directora do Instituto Galego de Promoción Económica-IGAPE (Consellería de Economía e Industria) Covadonga Toca Carús.**

PARLAMENTO DE GALICIA

En rolda de réplica a **señora Rodríguez Carrera (P),** agradece a información aportada pola señora Toca Carúa, sobre a que expón novas consideracións e anímaa a seguir traballando nesa liña

A **señora directora do Instituto Galego de Promoción Económica-IGAPE Covadonga Toca Carús,** pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención.

A señora presidenta agradece a presenza da señora Toca Carus nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Deseguido, a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do Parlamento do doc. núm. 10563, no que o G. P. Popular de Galicia comunica a retirada da proposición non de lei da súa autoría doc. núm. 511 (2.1):

2.1 511 (12/PNC-000027)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central referidas ao apoio para a recuperación e transformación do sector mar-industria galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

Punto 2. Proposicións non de lei

2.2 3640 (12/PNC-000460)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia que respecte a integración medioambiental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 10587) e outra de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 10623), das que obvia a súa lectura dado que se remitiron aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey (S)**, que pasa a expoñer os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicados no BOPG anteriormente subliñado.

PARLAMENTO DE GALICIA

En canto ás emendas presentadas sinala que: no que respecta á emenda do G.P. Popular de Galicia, que hai unha posible transacción no punto primeiro, no sentido de seguir traballando no eido normativo.

En canto á emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, anuncia que aceptan o punto segundo e explica as razóns polas que non acepta o punto primeiro.

Na rolda de grupos parlamentarios emendantes intervén en primeiro lugar o **señor Golpe Acuña (BNG),** que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo presentou esta emenda de adición, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora propoñente ao referirse ao punto primeiro da súa emenda.

En segundo lugar intervén o **señor Lorenzo Gómez (P**), para explica o sentido da súa emenda e manifestar que o seu grupo está disposto a transaccionar co texto da proposición non de lei, pero non poden admitir que se inclúa como engádega o punto segundo da emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas defendidas **señora Iglesias Rey (S**), incide en aceptar o punto segundo da emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego aínda que conleve non acadar esa transacción coa do G.P. Popular de Galicia.

A señora presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento, pasando a ocupar a Presidencia a señora vicepresidenta en funcións.

2.3 6588 (12/PNC-000789)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación cos labores de mantemento e limpeza que debe realizar na muralla de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49f1, do 10.07.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. do Bloque Nacionalista Galego, presentou unha emenda de modificación e outra de adición (doc. núm. 10622), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra a **señora Méndez López (S)**, que procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Valcárcel Armesto (BNG),** para explica o sentido da súa emenda, logo de expoñer diversas consideracións sobre a iniciativa e anunciar o apoio á mesma.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante a **señora Sanz Arias (P),** logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o poio do seu grupo á mesma.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Méndez López (S)**, agradece o apoio amosado por ambos grupos parlamentario e expón as razóns polas que acepta a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

A **señora Sanz Arias (P),** solicita un breve receso, logo de amosar algunhas dúbidas a respecto da engádega da letra c) proposta na emenda de adición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

A Presidencia suspende a sesión ás 13.10 horas.

Reiníciase a sesión ás 13.20 horas.

Solicita a palabra a **señora Sanz Arias (P),** para pedir a votación por puntos da proposición 2.3, ao que se opón o grupo propoñente.

Deseguido solicita a palabra o **señor Golpe Acuña (BNG),** para pedir a votación por puntos da proposición 2.2, ao que tamén se opón a señora propoñente, e anuncia que tampouco acepta a trasacción coa emenda do G.P. Popular de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

2.2 3640 (12/PNC-000460), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 2 (G.P. S)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)
Abstencións: ..... 5 (G.P. BNG)

2.3 6588 (12/PNC-000789), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometida a votación a transacción acadada coas emendas que o G.P. do Bloque Nacionalista Galego presentou a esta proposición non de lei (doc. 10622), resulta **rexeitada** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:25 horas.

Cristina Sanz Arias

Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Sanz Arias, email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.01 12:19:48 +02'00'

V. e pr.
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Ramón Fernández Alfonzo

Firmado digitalmente por Ramón Fernández Alfonzo
Fecha: 2024.10.01 11:34:51 +02'00'

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Secretario da Comisión